



# **PROCESO DE ADMISIÓN ALUMNADO** **PARA O CURSO 2.024/2.025**

[Orde do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

Aquí resumimos o contido e datas:

## **Do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro:**

### **RESERVA DE PRAZA PARA O CENTRO ADSCRITO.**

#### **Quen debe facela:**

- O alumnado de 6º de Ed. Infantil (aula Baldráns) adscrito ao CEIP CALDELAS para 1º de Primaria.
- O alumnado de 6º de Ed. Primaria adscrito ao IES INDALECIO PÉREZ para 1º da ESO.

#### **Qué entregar?**

- Impreso **ANEXO I** (recoller e entregar no centro de orixe).

#### **Publicación listaxes:**

22 de febreiro--- listaxe do alumnado con posto reservado.

## **Do 1 ao 20 de marzo:**

### **SOLICITUDE DE ADMISIÓN ORDINARIA EN NOVOS CENTROS.**

#### **Quen debe facela:**

O alumnado que vaia para un centro novo, non adscrito a outro.

Esta solicitude debe facerse e entregarse nun só centro.

#### **Que entregar?**

- Impreso **ANEXO II** (recoller e entregar nese novo centro).
- Documento acreditativo da idade do alumno/a (DNI, libro familia, etc).
- Certificado oficial de matrícula do centro no que están.
- Se denega a consulta de datos no Anexo II: copia do DNI da persoa solicitante e membros computables da unidade familiar
- Convenio ou resolución xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.

**Nota importante:** Se a demanda de prazas é superior á oferta, tamén deberán presentar a documentación xustificativa dos criterios de baremo, segundo os artigos 13 e posteriores da Orde.

#### **Publicación listaxes:**

25 abril--- listaxe provisional de alumnado admitido e non admitido.

15 maio--- listaxe definitiva de alumnado admitido e non admitido.

## **Do 20 de xuño ao 1 de xullo:**

### **REALIZACIÓN DA MATRÍCULA NO CEIP DE CALDELAS para Infantil e Primaria.**

#### **Que entregar?**

- Impreso de **Matrícula** (recoller en secretaría).
- Fotocopia do Libro de Familia onde aparezan todos os membros.
- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
- Fotocopia da cartilla das vacinas.
- 2 fotos tamaño carnet.
- Sentenza de separación (se é o caso).

## **Do 23 de xuño ao 8 de xullo:**

### **REALIZACIÓN DA MATRÍCULA NO INSTITUTO para Educación Secundaria.**

#### **Que entregar?**

Os impresos e documentación recolleranse no CEIP de Caldelas, e entregaranse no Instituto.

---

**Importante:** Os **ANEXOS I e II** tamén se poden descargar en [www.edu.xunta.gal/admisionalumnado](http://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado) e tramitalo na sede electrónica da Xunta de Galicia.